

RESOLUCIÓN REITORAL DE 20 DE XULLO DE 2016 DA UNIVERSIDADE DE VIGO POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS DO PRIMEIRO PRAZO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO PROGRAMA ERASMUS + PRÁCTICAS EN EMPRESAS E INSTITUCIÓNS PARA O CURSO 2016/17 (RR 25/04/16)


Publicada a RR do 7 de xullo de 2016 da Universidade de Vigo, pola que se publicaban as listaxes provisórias de solicitudes admitidas e excluídas do primeiro prazo do programa Erasmus + para prácticas en empresas e institucións, curso 2016-17, e unha vez transcorrido o prazo de 10 días hábiles concedido na dita resolución reitoral para presentar alegacións ou aportar documentación adicional, esta reitoría:

RESOLVE:

- Publicar as listaxes definitivas de solicitudes admitidas a trámite. Anexo I
- Publicar as listaxe definitivas de solicitudes excluídas. Anexo II

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, o/a(s) interesado/a(s) poderá(n) optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá a interposición do recurso contencioso-administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común



DILIXENCIA para facer constar que esta Resolución se publica con esta data no taboleiro desta Universidade.
Vigo, 20 de xullo de 2016

A secretaria do Vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais Carmen Luisa Pereira Castro.